

Asetem traerá visitantes a Melide para dinamizar o comercio local

A Asociación de Empresarios Terra de Melide e a xerencia do Hotel Balneario Río Pambre asinaron recentemente un convenio de colaboración que permitirá traer á vila tres veces ao mes ás persoas que se aloxan no complexo termal. Serán transportadas de xeito gratuíto en autobús e recibirán un tríptico con información turística e comercial. A través desta iniciativa, coa que contribúen 20 negocios, chegarán a Melide máis de 800 visitantes anuais. P3



EMPRESA

A feira grande incorporará maquinaria agrícola a súa oferta actual

COMARCA

Aproban en Toques un plan de axuste tras incumprir a regra de gasto

CULTURA

Jesús Ferreiro e Javier Anido conquistan de novo o Nacional de Históricos

ENTREVISTA



Agustín Góngora, Sanoguera Fotografía

Melide estuda un futuro de calor urbana con biomasa




Unha empresa de servizos enerxéticos presenta un proxecto para surtir de calefacción e auga quente a 1.200 vivendas do casco urbano empregando biomasa. P5

Protestas en Santiso contra unha liña de media tensión



Os veciños aseguran estar dispostos a loitar "ata as últimas consecuencias" contra o proxecto de Fenosa para instalar na Pedreira 979 metros de tendido. P13



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Apoio aos veciños de Santiso

O veciños da parroquia de Santiso, no concello do mesmo nome, teñen un problema: unha liña de media tensión que nin queren nin necesitan. Prevé construíla Gas Natural Fenosa entre as aldeas de Penaposta e A Pedreira. Son algo máis de 900 metros de cable que transcorrerán sobre fincas forestais e agrícolas, para as que xa hai iniciado un proceso de expropiación, e que obrigarán a instalar na zona dous transformadores a maiores do que xa existe. Farase, segundo din os afectados, con subvencións do Estado e co beneplácito da Xunta, que xa declarou a obra de interese público.

A loita contra este proxecto leva meses librándose en silencio; con reclamacións, recursos e reunións a tres bandas. Os resultados foron nulos e os veciños descubriron aos poucos que en realidade non tiñan un problema, senón tres: a liña de media tensión, o poder dunha grande empresa e a postura asumida pola Xunta de Galicia, que lonxe de posicionarse a favor dos seus administrados, preferiu poñerse a carón da eléctrica. O panorama non resulta desconecido despois de tantas e tantas veces que se ten repetido: a loita do pequeno contra o grande en condicións desiguais.

Nun intento por facer oír



as súas reivindicacións, os veciños de Santiso afectados pola construción da liña decidiron visibilizar os seus problemas e botáronse á rúa dando vida a unha estampa pouco frecuente na comarca e que non se recordaba dende as manifestacións convocadas para pedir o arranxo da Ponte da Regada. Pero en Santiso saben que a mobilización dá os seus resultados, sobre todo cando se fai dende a razón e dende a unión. O exemplo máis recente foi a loita que se librou para conseguir a renovación da estrada que une Melide con Ribadulla.

Asistimos a un novo capítulo de loita veciñal que debemos abordar como un espello no que mirarnos. Xa non só porque representa a capacidade cidadá para organizarse e defender sen fisuras os seus

intereses, senón tamén porque recupera esa idea tan perdida nos tempos actuais da política ao servizo da xente. Todos os partidos con representación no concello de Santiso (BNG, PSOE, Independentes e PP) estiveron presentes na manifestación. Sen buscar a foto, sen tratar de obter vantaxes nin asumir liderados. Simplemente apoiando aos veciños que no seu día os elixiron para que os representasen e defendesen os intereses de todos e todas. Como debe ser, sobre todo na política local.

O camiño é longo e as persoas afectadas sábeno. É de agardar que o resto de veciños do concello e da comarca lles brinden o seu apoio como dende aquí lles brinda a Asociación de Empresarios da Terra de Melide.

Tribuna de opinión

Pequenos grans de area

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Pensar. Probar. Intentar. Actuar. Son os infinitivos que acompañan o labor de Asetem nos últimos meses, do que axiña comezaremos a ver os froitos en forma de iniciativas humildes que pretenden ser de utilidade para os nosos negocios.

A primeira delas é o resultado dun convenio asinado co Hotel - Balneario Río Pambre que permitirá traer cada mes arredor de 90 dos seus hóspedes á vila. Son poucos, non entrarán en todos os negocios nin suporán a fin da crise en Melide. Certo. Pero suman, e os seus paseos polo casco urbano serán a mostra de que se está aproveitando un recurso que tiñamos moi preto e que ata agora pasou desapercibido. A iniciativa é tamén a mostra do noso espírito de

diálogo, pois a idea partiu dun socio e déuselle forma ata convertela nunha realidade este mesmo mes de outubro.

A principios de ano agardamos que estea tamén en funcionamento a feira de maquinaria agrícola e industrial, outra pequena achega orientada a un sector de negocio diferente e que nos parece un complemento ideal para a oferta da feira grande. A medio prazo, pensando na hostalería, e sen caer tampouco na megalomanía nin nos artificios, contamos de poñer en marcha unha festa da sidra.

Achegamos pequenos grans de area á causa. É o que podemos facer: pensar, probar e intentar dentro das nosas posibilidades; actuar coa mellor das intencións agardando o mellor dos resultados.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Manuel Ángel Garea, Santiago Prado, Pepe Núñez

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem e Río Pambre asinan un convenio que traerá a Melide máis de 800 visitantes cada ano

De agora en adiante Melide será tamén un lugar de referencia turística para os hóspedes do Hotel Balneario Río Pambre. Asetem-Cca e a xerencia do complexo termal asinaron recentemente un convenio de colaboración que permitirá traer á vila tres veces ao mes ás persoas que se aloxan en Palas de Rei dentro do programa de Termalismo Social do Imserso.

Esta iniciativa é o resultado dunha das primeiras medidas postas en marcha pola nova directiva da patronal melidense para dinamizar o comercio local. Segundo explica o seu presidente, Manuel Vázquez, suporá “un goteo pequeno pero constante de visitantes que aproveitarán para levar un recordo, mercar un regalo ou tomar un café e que deixarán cartos nos nosos negocios”.

Dende Asetem-Cca estiman que esta iniciativa permitirá traer á vila a máis de 800 persoas cada ano. O programa de visitas comezará este mesmo mes de outubro, cando chegue o primeiro grupo, e realizarase de forma continuada. Tan só se interromperá no período comprendido entre finais de decembro e principios de marzo, xa que neste tempo se suspende tamén o programa de termalismo en Río Pambre.

Catro horas de lecer

Os visitantes chegarán a Melide cada dez días en grupos de arredor de trinta persoas.



Parte interior do tríptico que se entregará aos visitantes e onde aparece un mapa e os comercios

Farano de xeito gratuito nun autobús fretado por Asetem e custeado polos 20 negocios asociados que decidiron implicarse directamente no proxecto. O autocar deixará aos turistas diante da capela de San Roque ás 16:00 horas e recolleraos no mesmo lugar ás 20:00.

Para orientar a visita, Asetem-Cca, coa colaboración do Concello de Melide, deseñou e imprimiu 1.000 trípticos que inclúen un rueiro da vila e no que aparecen mencionados os principais puntos de interese histórico, como poden ser a Praza do Convento, o museo comarcal ou o Castelo. Do

mesmo xeito, tamén se destaca a localización dos 20 comercios que participan no proxecto, coa imaxe corporativa de cada un deles e referencias ao tipo de produtos que venden. “As persoas que veñan van atopar unha oferta moi variada”, sinala Manuel Vázquez, “dende bares e tendas de roupa ou agasallos, ata xoierías e docerías”. Os trípticos serán entregados antes da visita e deixaranse tamén en todas as habitacións do balneario, de xeito que a información turística e comercial sobre Melide non só chegue ás persoas do Imserso senón tamén a todos os hóspedes do

complexo hoteleiro.

Un bus para os veciñ@s

Ao mesmo tempo que contribúe co comercio local, Asetem-Cca considera que tamén a veciñanza podería sacar bo partido desta iniciativa. Por iso estuda que o autobús que transporte aos visitantes estea tamén dispoñible para as persoas da vila que queiran desprazarse ata o balneario. Ás 15:30 saírian de Melide e regresarían ás 20:30. Neste caso os interesados terían que pagar a viaxe de ida e volta a un prezo reducido pero a cambio gozarán de descontos por utilizar as instalacións do balneario.

Plan gratuíto para mellorar e modernizar os comercios

A Cámara de Comercio de Santiago inicia un plan gratuíto para mellorar e modernizar os negocios comerciais da súa área de influencia. No marco de dito plan realizarase un programa de asesoramento a emprendedores e servizo de xeomarketing comercial. Outro irá enfocado a apoiar o relevo comercial e facer que as pemes continúen en actividade unha vez que os propietarios deciden abandonar o negocio. O terceiro programa centrarase na iniciación ao comercio electrónico e redes sociais.

Taller de busca de Emprego

O Concello de Melide organiza para o xoves 30 de outubro un taller de busca de emprego no que se ensinará a facer un curriculum vitae, a escribir cartas de presentación e a buscar traballo a través da rede. Será na sala de conferencias do Edificio Multiusos entre as 17:00 e as 19:00. A xornada está dirixida para desempregados/as. As prazas son limitadas, polo que as persoas interesadas en asistir deben anotarse previamente no Concello de Melide ou no teléfono 981 50 50 03.



!!NUEVO!! COSALUD VITAL

“ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA”

Cuadro médico propio con más de 25.000 profesionales

Desde el 15% de descuento en tu Seguro Vida hasta el 31 de Diciembre*. Tráenos tu póliza actual o pregúntanos si aún no disfrutas de ella.

* Ver condiciones de oferta en la oficina

**SEGUROS DENTALES
DESDE ¡¡¡ 36 € !!!**

(Limpieza bucal anual incluída, coste aproximado 40€)

Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



Silvela
Joyería

José Manuel Silvela Costoya

Tfno: 981 50 59 97
Rda. da Coruña, 40

15800 MELIDE
(A Coruña)



MELIMATICA

**A TÚA TENDA
DE INFORMÁTICA
EN MELIDE**

Rúa Otero Pedrayo, nº 6 - Baixo // Tlf.: 981 50 78 81
melimatica@melimatica.com



Cantón de San Roque, 40 - MELIDE

Tlf: 981 507 344

Espectáculos
ANGEL | SEOANE

MELIDE - MONTERROSO / TLF: 617 38 48 60

**Ser
impecable
está
de moda**

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPD)

Analíticas alimenticias Laboratorio

Legionela Control de plagas

Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399



Estudan implantar unha rede urbana de calor con biomasa para abastecer a 1.200 vivendas

O Concello de Melide ten enriba da mesa unha proposta para instalar un sistema urbano de calor que proporcionaría calefacción e auga quente a 1.200 vivendas da vila mediante o aproveitamento da biomasa. O proxecto, deseñado pola empresa de servizos enerxéticos Sistemec Enerxía, xa foi presentado ante responsables da Xunta de Galicia e do goberno local. Del tamén ten coñecemento Asetem-Cca, que previsiblemente convocará unha reunión informativa nas vindeiras semanas para trasladarlllo aos socios e coñecer a súa opinión.


En que consiste?

O sistema urbano de calefacción é unha rede de distribución de enerxía que, en forma de auga a elevadas temperaturas, transcorre por tubos enterrados na vía pública e proporciona calor e auga quente a todos os edificios que se enganchen a ela.

En liñas básicas, os compoñentes deste sistema son tres:



Construción dunha central térmica de biomasa en Soria



unha instalación central onde se produce auga quente mediante a queima de restos orgánicos (biomasa), unha rede de tubaxe con cuberta especial para evitar a perda de calor, e

os puntos de entrega (as salas de caldeiras dos edificios).

No proxecto deseñado por Sistemec Enerxía para Melide contéplase que a rede de calor abastecería a 1.200 vi-



Soterramento da tubaxe con illante térmico

vendas do casco urbano e aos seguintes edificios públicos: centros escolares, centro de saúde, residencia da terceira idade, casa cuartel, piscina climatizada, casa consistorial,

pavillón polideportivo, casa da cultura e albergue municipal.

Normalmente a caldeira central instálase en polígonos empresariais, pero no caso de Melide, tendo en conta a considerable distancia que hai entre a Madanela e o casco urbano, Sistemec Enerxía escolleu Priorada como empra-zamento ideal para construíla. A rede de tuberías tería unha lonxitude aproximada de seis quilómetros.

Vantaxes

Segundo cálculos da empresa promotora, cada vivenda aforrará un 15% anual con respecto aos gastos actuais de calefacción a base de gasóleo ou propano. A biomasa é unha alternativa menos contaminante, máis segura e cun prezo estable. A implantación deste sistema permitiría ademais crear postos de traballo.

De saír adiante o proxecto, Melide converteríase no terceiro concello de Galicia en ter unha rede de calor. Na actualidade só en Riós e Baltar, na provincia de Ourense, funcionan sistemas semellantes. No conxunto de España hai 104 redes de calor. Outras 35 están en construción.

Asetem impulsa a creación dunha feira de maquinaria agrícola e industrial

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) quere darlle unha maior dimensión á feira grande da vila e con tal intención está xa a traballar para incorporar a maquinaria agrícola e industrial á súa oferta.

A idea, que foi ben recibida polo Concello e conta co apoio do goberno local, será unha realidade a principios de 2015. O escenario escollido para a mostra é o Pazo de Exposicións e Congresos, que acollerá maquinaria agrícola e industrial, tanto nova como usada, ademais de recambios. Inicialmente Asetem pensou en celebrar esta cita mensualmente, coincidindo coa feira grande, o último domingo de cada mes. Non obstante, tras consultar a opinión dos profesionais do sector interesados en participar, estase barallando a posibilidade de espazala no tempo e realizala cada



Tractores novos e usados serán parte da oferta que incluírá a feira

dous ou tres meses.

O obxectivo do proxecto é reforzar a feira grande cun atractivo engadido e potenciar ao mesmo tempo a feira do gando: “sobre as oito da mañá os tratantes xa teñen todo o negocio feito”, explica o presidente da patronal, Manuel Vázquez, “por iso considera-

mos que a ese perfil de público lle podía interesar moito unha segunda parte con produtos orientados para a súa actividade profesional”. Por outra banda, Asetem cre que con esta iniciativa se cubrirá unha carencia, pois a maquinaria agrícola e industrial “é o único que lle faltaba ás feiras de Melide”.

AFORRA CO BONO ASETEM



Vale por 6 €

Comprobable en compras superiores a 30 € nos locais asociados.

Vale acumulable se o importe non supera o 10% da compra.

Aut. Junta Vázquez Vázquez

Presidente ASETEM

Atopa o teu vale e benefíciate de descontos nos comercios asociados

A patronal melidense segue adiante coa campaña de dinamización comercial “Aforra co Bono Asetem” e repartirá de novo este mes a través do xornal Cerne outros 150 vales-desconto. Os lectores que teñan a sorte de atopalo entre as páxinas deste periódico poderanse beneficiar dunha rebaixa de 6 euros cando realicen unha compra superior a 30 en calquera negocio asociado (a listaxe de establecementos pódese consultar na parte traseira do propio bono). Para obter o desconto abundará con presentar o vale no momento de mercar. O Bono Asetem terá validez ata o 31 de novembro, data de remate da campaña. Para entón levaranse repartido mais de 2.700 € en descontos.

A campaña “Máis que comercio” bota o peche en Melide con preto de 3.500 visitas á súa web

Os clientes elixen Leiva Motosport como comercio favorito entre 115 establecementos

A campaña da Xunta *Mais que comercio*, que se desenvolveu durante todo o mes de agosto en 115 establecementos socios de Asetem, rexistrou ao seu peche preto de 3.500 participacións. A cifra coincide co número de visitas que tivo dende Melide e comarca a web www.maisquecomercio.com, á que tiñan que acceder os clientes para participar nun xogo online e tratar de atopar os agasallos escondidos tralas casiñas cos logos dos negocios.

Asetem-Cca amósase satisfeita co resultado da campaña e dá por cumpridos os dous obxectivos fundamentais desta iniciativa: por unha banda achegar aos consumidores o comercio de proximi-



Rosa Barrio (no centro co diploma) acompañada por representantes da Xunta, do Concello e de Asetem

dade e por outra potenciar entre os comerciantes o uso de internet como ferramenta de promoción e venda.

Establecemento favorito
Ademais de optar a premios, os

consumidores tiveron a oportunidade de escoller o seu comercio favorito facendo click sobre o logo do mesmo. O establecemento que máis votos recibiu foi Leiva Motostport, unha tenda de bicicletas, motos

e material deportivo localizada na Ronda da Coruña. Este negocio de tradición familiar, que comezou como xoiería e relojería nos anos 30, está rexentado dende hai cinco por unha moza emprendedora, a

terceira xeración á fronte do negocio: Rosa Barrio.

De mans da directora xeral de comercio, Sol Vázquez Abeal, que se desprazou ata Melide o 30 de setembro para poñer o peche simbólico á campaña e facer tamén entrega dos premios aos clientes ganadores, Rosa Barrio recolleu un diploma conmemorativo. Na súa visita ao centro comercial aberto melidense, Vázquez Abeal salientou que a campaña *Máis que comercio* buscou destacar o traballo dos centros comerciais abertos “como fórmula que permite desenvolver dende o asociacionismo estratexias para a posta en valor da ampla oferta comercial coa que contan as vilas galegas”. Por outra banda destacou tamén “a calidade, o trato ao cliente e a variedade” como valores do comercio de proximidade.

Durante a entrega dos premios a directora xeral estivo acompañada pola delegada da Xunta na provincia, Belén Docampo; a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez; o concelleiro de promoción económica, Santos López; o presidente de Asetem, Manuel Vázquez, e a xerenta da patronal, Pilar López.

NORMATIVA LABORAL E FISCAL

NOVIDADES SOBRE A XESTIÓN E CONTROL DA INCAPACIDADE TEMPORAL NOS PRIMEIROS 365 DÍAS DE DURACIÓN

Aplicable a traballadores por conta propia ou allea de calquera dos réximes da seguridade social (excepto Forzas Armadas, Funcionarios Cívís e Administración de Xustiza), para continxencias comúns e profesionais.

A partir do 1 de Setembro de 2014, os partes de baixa médica e confirmación estenderanse en función do período de duración da baixa que estime o médico que o emite. Así diferéncianse catro grupos de procesos:

a) Duración estimada inferior a 5 días naturais.

Con carácter xeral, emitírase o parte de baixa e alta médica no mesmo acto.

b) Duración estimada entre 5 e 30 días naturais.

Emitírase un parte de baixa consignando a data da próxima revisión médica (que non excederá de 7 días dende a baixa inicial). Os partes de confirmación sucesivos non poderán emitirse con unha diferenza de máis de 14 días naturais entre si.

c) Duración estimada entre 31 e 60 días naturais.

Emitírase parte de baixa consignando a data da próxima revisión médica (que non excederá de 7 días dende a baixa inicial). Os partes de confirmación sucesivos non poderán emitirse con unha diferenza de máis de 28 días naturais entre si.

d) Duración estimada de 61 días naturais ou máis.

Emitírase parte de baixa consignando a data da próxima revisión médica (que non excederá de 14 días dende a baixa inicial). Os partes de confirmación sucesivos non poderán emitirse con unha diferenza de máis de 35 días naturais entre si.

Información facilitada por CC XESTIÓN - Tlf: 881 973 307

Cata de viños en Ribeirao



Manolo Ribeirao (segundo pola esquerda) con clientes e amigos

Como parte da estratexia de mimar, valorar e dar a coñecer os viños que vende, Distribuciones Ribeirao continuou tamén no mes de setembro coas súas catas periódicas. Nesta ocasión os protagonistas foron os viños saídos das bodegas propias de Félix Solís, que baixo a marca Pagos del Rey comercializa caldos da Ribera del Duero, Rioja, Toro e Rueda. O grupo Félix Solís, empresa familiar comprometida coa cultura vinícola dende 1952, ten o honor de ocupar o cuarto posto do ranking mundial no que a cantidade de litros de viño embotellado se refire. Na cata probáronse viños crianza, reserva e de alta expresión. Experiencias similares volverán a repetirse, pois Distribuciones Ribeirao continuará organizando cada mes e medio catas e visitas a bodegas.

Bloque Melide

OUTUBRO DE 2014

**“ Non
merecemos
este goberno,
necesitamos outro
goberno local mais
reponsábel ”**

ARANXAN RÚAS EN BO ESTADO E DEIXAN OUTRAS QUE DAN PENA

ANTES DE ASFALTAR



AVENIDA DE TOQUES E FRIOL

DESPOIS DE ASFALTAR



RÚAS EN ESTADO LAMENTÁBEL



RÚA RIO FURELOS



**O BNG é a
alternativa
de goberno que
necesita Melide**



Edita: BNG Melide
www.bng-galiza.org

**A rúa de San Antón
en estado
lamentábel. Esta é
a imaxe que
proxectamos ao
mundo**

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

ESTHER E CRISTINA IRAGO, FLORERÍA STRELITZIA (Avenida de Lugo, nº46 -baixo)

“As flores poden entrar nas nosas vidas de formas moi diferentes”

-Como foi que vos decidistes a abrir unha florería?

-Esther Irago (E.I.): Sempre nos gustou o mundo das flores, pero era algo que tiñamos como un hobby e que só facíamos na casa. Nun momento dado quedamos as dúas sen traballo e foi cando empezamos a pensar en facer algo que nos gustase. Fomos para Monforte e estivemos dous anos formándonos como floristas e horticultoras. A partir de aí, como é moi difícil atopar traballo neste sector, arriscámonos a montar o noso propio negocio. Fixémolo con moita ilusión e agardamos que todo vai por bo camiño.

-É difícil facerse un oco nun mercado que en Melide xa está cuberto?

-E.I.: Nós queremos atopar o

noso espazo facendo cousas diferentes. Aquí case sempre asociamos as flores a enterros ou celebracións, pero as flores poden entrar nas nosas vidas de moitas maneiras. Por que non telas na túa casa? Por que non regalar un ramo ou unha planta? Noutros países as flores forman parte do día a día. Trátase de abrir o concepto de florería e cambiar un pouco os hábitos, que non todo sexan rosas, caraveis e crisantemos. Moita xente vén aquí e dinos que temos flores que nunca viron na súa vida. Encántanos escoitar iso, porque é a onde queremos chegar.

-Ofrecedes tamén os servizos máis convencionais?

-E.I.: Por suposto. O negocio está enfocado a todo. Tamén facemos coroas, ramos e cen-

tros funerarios, traballamos para eventos, para bautizos e comunións e moitas noivas xa se están interesando polas cousas que facemos. Algo que está tendo moito éxito son os elementos decorativos para o fogar con flores acopladas.

-Este traballo esixe moita creatividade, non si?

-E.I.: Moita! Imaxinación, toda a que ti queiras e máis. É un mundo moi cambiante no que tamén hai tendencias. Hai ter unha base para saber facer as cousas, pero a partir de aí é imprescindible deixar voar a creatividade.

-Cales son as tendencias neste momento en decoración floral?

-E.I.: Lévese moito a gama de cores en tons pastel, tanto nos



Esther e Cristina na tenda de Strelitzia

azuis como nos fucsia. Para as noivas viñeron moito as rosas. E, sobre todo, lévese moito acoplar flores en soportes do máis variado: gaiolas, mesas, cadeiras e mesmo en bicicletas, coma que temos no noso escaparate. Gustou tanto que de momento non nos atrevemos a sacala!

-Strelitzia. Nome extraño para un negocio...

-E.I.: Moita xente pensa que é unha mestura dos nosos nomes, pero non. A strelitzia é unha flor orixinaria do sur de África que sempre me gustou. Tiñamos claro que o local tiña que ter o nome dunha flor. Elixir cal non foi difícil.



Avda. Lugo, 44

Tlf: 981 507 667

MELIDE



Especialidade en raxo e churrasco



AHORA EN MELIDE

MULTIÓPTICAS

Tábor

Nº1 en servicios ópticos



Abrimos los sábados mañana y tarde

Multiópticas Tábor
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide- A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99

Multiópticas y
Microaudio



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Jamones e ibéricos



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03

Ahorra en todos tus seguros
Ven y compruébalo

NB21
correduría de seguros

En NB21, la correduría de seguros líder en Galicia, te demostraremos que los mejores seguros no cuestan tanto.

Llámanos o ven a visitarnos y te informaremos sin compromiso.

O Concello crea unha escola de música e baile que compite cos grupos e asociacións da vila

O inicio das clases atrasase ata o día 20 de outubro por “problemas administrativos”

En poucos días botará a andar en Melide a Escola Municipal de Danza e Música Tradicional que, impulsada polo Concello, ofertará clases de gaita, acordeón, pandeireta, percusión e baile para cativos e adultos.

Este proxecto, unha das últimas apostas do goberno local, comezou a forxarse xa no mes de maio, pero nada se soubo del ata finais de setembro, cando as clases de baile galego que se viñan impartindo a través das escolas deportivas municipais desapareceron da oferta sen motivo aparente. Foi entón cando a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, e a concelleira de Cultura,



Exhibición de baile tradicional na Praza do Convento

Dolores Gómez, ofreceron os primeiros datos dun proxecto daquela sen pechar e do que pouco máis transcendeu que o nome do seu director: Henrique Peón, bailarín e coreógrafo coruñés de extensa traxectoria, tamén director do Grupo de Música e Bailes Tradicionais Xacarandaina.

O proxecto seguiu adiante

e converteuse nunha realidade a pesar de que en Melide xa existe unha escola semellante que, dende hai cinco anos e a través dunha asociación cultural integrada por veciños da vila, instrúe a máis de cen alumnos nas mesmas disciplinas que agora oferta a escola do Concello. Ademais, algunhas desas ensinanzas tamén

se estaban impartindo no Conservatorio, de xestión municipal, polo que haberá actividades duplicadas.

Da aceptación que tivo entre a cidadanía a nova Escola Municipal de Danza e Música Tradicional nada se sabe polo momento. Pechado o prazo de matrícula, fontes do Concello informan que o número de persoas inscritas en cada unha das modalidades “só estará dispoñible cando dean comezo as clases”. Iso será o vindeiro 20 de outubro, cinco días máis tarde do previsto debido, segundo o goberno local, a “problemas administrativos”.

Para calquera das disciplinas, as clases terán unha hora de duración e impartiranse dúas veces á semana. Están abertas a adultos e a nenos e nenas a partir de catro, seis ou dez anos (dependendo da actividade). O prezo é de 12,38 euros mensuais, o mesmo que o das escolas deportivas municipais.

Unha brigada compartida con Palas atenderá as emerxencias ata final de ano

Os concellos de Melide e Palas de Rei volveron optar pola fusión de servizos para cubrir as carencias que sofren no que á atención de emerxencias se refire. Por segunda vez a colaboración interprovincial permitiu poñer en funcionamento unha brigada de nove efectivos que, identificada como grupo de vixilancia medioambiental e apoio a Protección Civil, estará operativa ata final de ano prestando servizo as 24 horas do día e os 7 días da semana. Os efectivos dividiránse entre os dous concellos: cinco estarán en Melide e catro en Palas. A Consellería de Presidencia achegou o 75% do orzamento necesario para a contratación da brigada.

Técnicos do Sergas constatan a falta de mantemento do centro de saúde

O centro de saúde de Melide “presenta unha falta de mantemento observable e obxectivo”. Así se recolle nun informe elaborado polo Comité de Prevención de Riscos Laborais do Sergas que deu a coñecer o PSOE de Melide a través da deputada socialista no Parlamento de Galicia Carmen Acuña.

Acompañada polo secretario de organización dos socialistas melidenses, José Antonio Prado, Acuña visitou o centro de saúde para coñecer de primeira man o estado das instalacións e trasladar as conclusións da avaliación de riscos laborais que se fixo no ambulatorio en maio deste ano. Entre outras, o informe recolle as seguintes deficiencias: tellas soltas próximas á entrada principal, presenza de humidade en varios puntos, cables soltos, vías de evacuación sen sinalizar, saídas de emerxencia non operativas,



Os socialistas Carmen Acuña e José A. Prado no centro de saúde

extintores sen revisar, avarías no sistema de calefacción, instalación eléctrica en aparente mal estado, chan esvaradío, persianas que non funcionan ou padiolas inestables que poden orixinar caídas.

Para os socialistas de Melide dito informe é motivo máis ca suficiente “para que a Xunta aborde dunha vez a

construción dun novo centro”. José Antonio Prado engade ademais que “non é tolerable a pasividade dos xestores municipais” ante o estado do ambulatorio e asegura que é grazas á profesionalidade do persoal sanitario “que a situación se vai levando coas mínimas molestias posibles para os pacientes”.

Primeiras partidas para as obras da autovía en Melide



Estado das obras en San Xulián do Camiño (Palas de Rei)

Os Orzamentos Xerais do Estado contemplan por primeira vez partidas económicas para as obras da Autovía Lugo-Santiago ao seu paso por Melide. En concreto, o goberno central investirá o próximo ano 10 millóns de euros no tramo Melide-Palas de Rei e 6,5 millóns no tramo Arzúa-Melide. Será por tanto en 2015 cando por fin dean comezo os traballos no tramo melidense da A-54. Así se deduce tanto da asignación económica como da memoria presentada polo Ministerio de Fomento, onde se recolle que o próximo ano “toda a autovía estará en marcha”. O documento engade que en 2015 “os importes asignados permitirán rematar todos os tramos entre Palas de Rei e Lugo”.

O ciclo da madeira exporta a Europa ideas sobre construción sostible

Expertos na construción en madeira e mestres de Formación Profesional procedentes de Alemaña, Dinamarca e Portugal déronse cita os pasados días 6 e 7 de outubro no IES de Melide para afondar nas fórmulas de construción sostible aplicadas á madeira.

A visita forma parte dun programa formativo de dous anos de duración que se desenvolve a nivel europeo e no que participa o Ciclo da Madeira do IES. Erasmus Plus, nome co que se coñece este proxecto, está dirixido a profesores e ten como finalidade aprender sobre solucións construtivas sostibles, ecolóxicas e eficientes enerxeticamente. Non obstante, o obxectivo último do programa é “preparar material didáctico que permita incluír o aprendido nas ensinanzas dos nosos alumnos”, sinala Fernando López, xefe do departamento de madeira do IES.

Un contedor feito almacén
Partindo do tema xeral, cada un dos socios participantes no

proxecto tivo que escoller unha liña concreta. Deste xeito, Alemaña e Dinamarca están a traballar sobre os materiais illantes mentres que Galicia e Portugal abordan a climatización dos edificios.

No caso concreto do IES de Melide, o traballo práctico consiste en acondicionar un vello contedor marítimo de metal para que o ciclo de carpintería poida utilizalo como almacén de madeira. Nesa tarefa están xa implicados os alumnos do ciclo, que estes días traballan para que o contedor acabe cumprindo os parámetros esixidos no que a temperatura, humidade e ventilación se refire. As solucións escollidas son “unha cuberta vexetal, algún tipo de illante ecolóxico e un revestimento de madeira tratada para que soporte o inverno”, di Fernando López.

Para comprobar se as actuacións realizadas son ou non eficaces, o IES trouxo outro contedor de idénticas características que se utilizará para gardar mesas e cadeiras vellás e ao que non se lle realizará

ningún tipo de intervención. Ámbolos dous contedores foron dotados de aparellos de medición e durante os próximos meses controlaranse diariamente as condicións de temperatura e humidade de cada un deles.

Presentación en Berlín

O encontro realizado en Melide este mes de outubro é o cuarto e último dun programa que rematará en maio de 2015. A exposición final de traballos realizarase ese mes en Berlín, no marco dunha das feiras de construción máis importantes de Europa. Ata alí viaxará o equipo do IES de Melide para presentar o seu proxecto.

A falta dalgúns meses para concluír e preparando xa iniciativas para a próxima convocatoria, a enxeñeira coordinadora do programa, María García, cualifica de “moi satisfactoria” a experiencia. “Temos moito feito, moita xente coñecida e constatamos que cada vez hai máis interese por introducir o tema da eficiencia enerxética no ensino”, explica.



Alumnos traballando para acondicionar o contedor marítimo



Mestres do proxecto Erasmus Plus e alumnos do ciclo da madeira

O BNG acusa á alcaldesa de contratar cargos do PP

O portavoz do BNG de Melide, Xosé Igrexas, denuncia que a alcaldesa, a popular Ánxeles Vázquez, está a contratar con cartos públicos a altos cargos do seu partido. En concreto, acusan á rexedora de fichar como asesora xurídica do Concello a María Aparicio Calzada, membro da executiva provincial do PP, da que Vázquez tamén forma parte como voceira.

Este caso non é o primeiro, segundo indican os nacionalistas, quen tamén denuncian que o anterior asesor xurídico estaba vinculado ao PP, pois era irmán de Paula Prado, deputada no parlamento galego polo Partido Popular e investigada por tráfico de influencias no marco da Operación Pokemon. En verbas de Xosé Igrexas

“todo isto significa que o PP mira máis polos intereses do seu peto que polos dos veciños e veciñas de Melide”.

As acusacións non caeron en saco roto para os populares de Melide, que ameazan con tomar “as medidas oportunas” se o BNG non accede a rectificar “as graves acusacións vertidas”. O PP mantén que o contrato da asesora respecta “todo o disposto na lexislación” e destaca que dende que accedeu ao goberno local os gastos en asesoría xurídica e despachos externos diminuíron “considerablemente”. Por outra banda, lembra que o bipartito tiña contratado unha tarde á semana un asesor xurídico “só para informes do Concello” que era familiar dun eurodeputado do PSOE.

Baixa o recibo da auga

O goberno local aprobou unha baixada no recibo da auga do 0,5%. A modificación entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015 e suporá unha rebaixa media de 7 céntimos nunha factura común. O que para o equipo de goberno terá “unha repercusión positiva nos aboados melidenses”, para o BNG é “unha falsa baixada de impostos”. Os nacionalistas aseguran que o executivo local “subiu nos últimos tres anos a taxa da auga, o lixo, o conservatorio e outros 11 conceptos”. Tamén foron aprobados os novos prezos polo uso da piscina climatizada e o ximnasio, con rebaixas de entre 2 e 9 euros.

Obras na rúa Furelos

O Concello de Melide vén de asinar o contrato para acometer a separación de augas pluviais e fecais na Rúa Furelos. Os traballos, que inclúen tamén a mellora do firme e nos que se investirán 40.000 euros, servirán segundo o goberno local para “arranxar toda a problemática que vivían os veciños nos meses de inverno, cando en momentos de choivas intensas se producían desbordamentos”. Esta actuación completárase con outras catro semellantes nas rúas Ramón Fernández Castro, Folicheiro, Irmandiños e accesos ao campo de fútbol.

Aparcamento na feira

O campo da feira de Melide terá 61 prazas de aparcamento unha vez que se completen as obras de asfaltado e acondicionamento da explanada. Haberá 30 prazas para coches (con 7 reservadas para persoas minusválidas), 12 prazas para autobuses, 5 para autocaravanas e outras 14 cun ancho e un largo especial deseñadas para vehículos con remolque dedicados ao transporte de animais. Os traballos serán adxudicados polo procedemento de poxa e terán un investimento de 64.397 euros. O goberno local estima que as obras estará rematadas a finais de ano.

Redución da débeda

Melide diminuíu a débeda bancaria nun 71% durante os tres últimos anos. Segundo datos achegados polo executivo local, a 1 de xaneiro de 2011 ascendía a 2.492.204 € e na actualidade sitúase en 723.264 €. A esta redución contribuíu a última amortización realizada que, cun importe de 291.591 € procedentes do remanente de tesourería de 2013, foi aprobada no pleno ordinario de setembro. Na mesma sesión o concelleiro de facenda, Luis Arias, deu conta do período medio de pago a provedores que “non supera en ningún caso os 20 días”.

Santiso maniféstase contra a Xunta e Fenosa para frear unha liña de media tensión “innecesaria”

Os veciños de Santiso están dispostos a loitar ata as últimas consecuencias contra os plans de Unión Fenosa para construír unha liña de media tensión entre as aldeas de Penaposta e A Pedreira. “Non será fácil que entren nas nosas fincas polas boas; ímonos plantar e non imos deixar que lles toquen”, asegurou con contundencia Ovidio Leiva, voceiro veciñal e un dos afectados, na protesta convocada a finais de setembro para esixir a paralización do proxecto.

Baixo o lema “contra a inxustiza da Xunta de Galicia e contra o abuso aleivoso de Fenosa: loitemos”, máis de medio cento de persoas percorreron a pé a distancia comprendida entre as dúas aldeas como mostra de rexeitamento a unha actuación que afectaría a preto de 30 veciños, maiormente da parroquia de Santiso pero tamén da de Belmil.

A liña de media tensión proxectada por Fenosa, que tería 979 metros de lonxitude e esixiría a instalación de dous



Os veciños afectados aseguran que se é necesario fletarán autobuses para ir protestar a Santiago

transformadores, conta coa declaración de interese público por parte da Consellería de Industria. Non obstante, os veciños consideran que é “totalmente innecesaria” e solici-

tan que no canto de construír unha nova se acometan mellores na que xa existe. Dubidan ademais que a utilidade pública sexa tal e ven detrás do proxecto “intereses económi-

cos” de Fenosa amparados pola Xunta de Galicia. Segundo explican os afectados, a construción da nova liña realizaríase con cargo a unha subvención do Estado, mentres que o

arranxo da xa existente tería que custealo a propia empresa.

Recurso contencioso

Os veciños non están só na súa loita; contan co apoio de todos os partidos políticos do municipio e a nivel institucional tamén co do Concello, que xunto cos propietarios dos terreos afectados presentou un recurso de alzada pendente de resolución ante a Consellería de Industria. Solicitaron tamén a paralización das expropiacións, demanda esta última que “non só veu denegada senón que chegou con ameaza de sancións se interrompíamos o proceso”, explica Ovidio Leiva. Esta negativa motivou que os veciños presentasen outro recurso máis, este no Tribunal Contencioso Administrativo, para tratar de paralizalo.

O alcalde de Santiso, Manuel Adán, que estivo presente na concentración, tamén manifestou o seu compromiso cos afectados: “parece que se trata dunha cuestión económica e non se entende que sigan adiante coa idea cando un simple arranxo da rede actual sería suficiente”, dixo, “se os veciños din que non queren esa liña, nós apoiámoslos”.

Coñecendo as posibilidades do castiñeiro e da maceira



A charla sobre o castiñeiro congregou a medio cento de persoas

O Concello de Santiso organiza para o próximo 21 de outubro unha xornada sobre o cultivo de maceira para sidra. A iniciativa completa a aposta do executivo local pola promoción das plantas autóctonas como medio para aproveitar as superficies agrícolas, aposta que xa tivo unha primeira parte na xornada sobre o aproveitamento do castiñeiro que tivo lugar na aula da natureza de Arcediago e á que asistiron máis de 50 persoas. Nunha liña semellante, os días 7, 8, 14 e 15 de novembro celebrarase un obradoiro de micoloxía e para decembro está programado un curso de poda e manexo de árbores froiteiras. As persoas interesadas poden obter máis información acudindo ao Concello.

Toques aproba un plan de axuste tras incumprir en 2013 a regra de gasto

O Concello de Toques aprobou cos votos a favor do equipo de goberno (XCPT e PP) e en contra do BNG un plan de axuste económico financeiro por valor de 99.699 euros. Deste xeito dá cumprimento á Lei de Estabilidade Orzamentaria, que establece a obriga de aplicar medidas de axuste a aqueles concellos que incumpren a chamada regra de gasto. En 2013 foron quince no conxunto da provincia da Coruña e entre eles está Toques, que superou en 222.000 euros o límite fixado pola lei.

Consciente da situación, o executivo local elaborou xa no mes de agosto un plan económico que permitiu reducir dita cantidade ata os 99.699 euros, a cifra final que houbo que detraer do orzamento deste ano. Segundo figura no plan de axuste aprobado, do capítulo de gastos de persoal retirárase unha partida de 29.089

euros, cantidade que se reservara para unha praza de encargado de obra que finalmente non está operativa. Outros 62.610 euros sacáranse

O alcalde asegura que non afectará ao funcionamento do Concello nin ao servizos prestados

do capítulo de bens e servizos. Do de transferencias correntes saíran os 2.000 que restan.

Dende os asentos da oposición o BNG criticou con dureza a xestión realizada polo actual equipo de goberno e achaca a unha mala planificación do Plan de Obras e Servizos de 2012 a principal causa do desaxuste económico. “Isto xa se vía vir”, sinalou José Ángel Penas, “non nos fixestes

caso cando protestamos e agora o Concello non pode gastar nin un euro. Houbo despilfarro no seu momento e estamos pagando as consecuencias”, engadiu.

Os nacionalistas esixiron explicacións sobre o que consideran unha situación “anormal” e cualificaron de “barbaridade” o nivel de axuste que foi preciso realizar: “representa case o 20% do orzamento”, explicou Penas.

Pola súa banda o alcalde, José Antonio Castro, sinalou que o plan de axuste aprobado “non é traumático” e descartou que vaia afectar ao normal funcionamento do Concello ou á prestación de servizos básicos. Castro sostén que se trata dun problema “meramente contable” e recorda que Toques ten superávit, aínda que a lei impide utilizalo porque o Concello está pagando un crédito.

Santiso recupera para o uso veciñal as escolas unitarias de 6 parroquias

Ribadulla, Pezobre, Barazón, Penaposta, Niñodagua e Visantoña. Estas seis escolas unitarias doutras tantas parroquias de Santiso están xa plenamente dispoñibles para seren usadas pola veciñanza. A corporación municipal aprobou no pleno de setembro a desafectación definitiva dos inmobles e deu así por rematado un proceso que se iniciou hai tres anos.

Dende o Concello admiten que sería preciso facer investimentos “en case todas as escolas” pero, conscientes das dificultades económicas, limitan as futuras actuacións a “ir facendo arranxos cos medios que teñamos”, explica o alcalde, Manuel Adán. Polo momento non se pensou nun uso concreto para os edificios máis alá de empregalos “como lugar de encontro e reunión para os veciños”.

O Partido Popular criticou a demora en aprobar a desafectación das escolas xa que,



A escola de Niñodagua atópase en estado de semi-abandono

segundo asegurou o voceiro dos conservadores, Ovidio Leiva, a Consellería de Educación xa autorizara o cambio de uso en marzo de 2013. O rexedor argumentou que non houbo persoal suficiente no consistorio para facelo e que se traballa “ao ritmo que se pode”.

Tras recuperar estas escolas para o uso municipal, o seguinte paso será facer o mesmo

co colexio de Visantoña, que pechou o ano pasado por falta de alumnado. O equipo de goberno quixo iniciar o proceso no derradeiro pleno pero as dúbidas sobre a titularidade do edificio e do terreo obrigaron a deixar o asunto sobre a mesa. Finalmente sóubose que a propietaria é a Xunta e polo tanto haberá que solicitar a cesión no canto da desafectación.

A Banda-escola de Visantoña retoma as clases con incremento de alumnos

Á volta ás clases sempre se leva mellor cando hai música de por medio. Se aprender resulta ademais divertido, xa non son precisos máis ingredientes para comezar o curso con todas as ganas do mundo. Niso andan os nenos e nenas da Escola de Música Eugenio Pazos Reyes de Visantoña, que retoma a súa actividade un ano máis coa satisfacción de ter superada este curso a barreira dos 40 alumnos (a piques estiveron xa no anterior, cun total de 39 inscritos).

Esta pequena gran familia pode aínda medrar, pois malia que as clases comezaron xa a principios deste mes de outubro, o prazo de matrícula aínda seguirá aberto nas próximas semanas. Dende a xunta directiva comunican que as persoas interesadas en inscribirse aínda están a tempo de facelo chamando aos seguintes teléfonos: 609 059 634 (Fernando Camino)



Actuación do coro infantil de Visantoña na TVG o ano pasado

e 605 912 618 (Malena Pazos).

Nove especialidades

No presente curso a Banda-escola oferta 9 especialidades diferentes: música e movemento, linguaxe musical, vento metal (trompeta, trombón, bombardino...), vento madeira (clarinete, saxofón, frauta traveseira...), canto,

piano, coro, conxunto instrumental e bailes e danzas do mundo. Dende o centro non só se achega unha formación musical, senón tamén unha formación en valores. Á marxe das clases, tamén se participa en eventos con motivo de festas como o Nadal ou o Entroido, ademais doutros de carácter máis extraordinario.

FESTIVOS LOCAIS 2015

SANTISO

19 de marzo
San Xosé (xoves)

14 de setembro
Santa Cruz (luns)

TOQUES

15 de maio
San Cidre (venres)

2 de setembro
San Antolín (mércores)

MELIDE

29 de xuño
San Pedro (luns)

16 de xullo
O Carme (xoves)

SOBRADO

25 de maio
As Pías (luns)

29 de xuño
San Pedro (luns)

Cea da U.D. Santiso



Arredor de 130 persoas, entre socios e seguidores, acudiron o pasado 11 de outubro á cea do afeccionado da U.D Santiso. A primeira edición celebrouse hai catro anos e segundo declara o presidente do club, Marcos Sandá, “agora que temos máis equipos e socios, queremos facela todos os anos a finais de setembro”.

FOTO-DENUNCIA

O Cruce dos loitos



Os veciños de Santiso non eran os únicos que estaban negros cando a Ponte da Regada deixou de existir por un tempo. Tamén o estaban os indicadores do Cruce dos Oitos, descoñecemos se por obra institucional ou por consecuencia da esmorga. Agora que todo volveu ao seu, os indicadores seguen no deles, ese loito perpetuo que os invalida para a súa función. Aínda bo é que hai quen lles pegue un cartel das festas ou un Tecor societario...

SabadellAtlántico

SabadellHerrero

SabadellSolbank

SabadellGuipuzcoano

SabadellICAM



Una cosa es decir que trabajamos en PRO de su negocio.
Otra es hacerlo:

Cuenta Expansión Negocios PRO.

Una cuenta que pone a su alcance financiación a la medida de su negocio.

10%

de su cuota. Hasta un máximo de 100 euros anuales por cuenta, con la cuota domiciliada.

+

0

comisiones de administración y mantenimiento.

+

Gratis

la tarjeta de crédito y de débito por titular y autorizado.

+

TPV

en condiciones preferentes.

Y muchas más ventajas. No en vano, la **Cuenta Expansión Negocios PRO** es la cuenta pensada para que despachos profesionales, autónomos, comercios y pequeñas empresas se hagan grandes.

Llámanos al **902 383 666**, identifíquese como miembro de su colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

Las excelentes condiciones arriba mencionadas de la Cuenta Expansión Negocios PRO se mantendrán mientras se cumplan los requisitos establecidos en el contrato. Actualmente, como mínimo se debe cumplir uno de los siguientes requisitos: un cargo en concepto de emisión de nómina, un cargo en concepto de seguros sociales, un cargo en concepto de impuestos o dos cargos en concepto de recibos. Estos requisitos son de cumplimiento mensual: si al tercer mes no se cumplen estas condiciones, automáticamente la Cuenta Expansión Negocios PRO pasará a ser una cuenta relación.

bancosabadell.com

El banco de las mejores empresas. Y el tuyo.



Captura el código QR y
conoce nuestra news
'Professional Informa'



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
M vil:678 543 240

Pol gono Industrial do Tambre
V a Galileo,9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
PradoRey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



Rúa Principal, 6 - MELIDE

Telf: 696 77 41 63



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05



Ezequiel, o pulpeiro que fixo de Melide unha vila internacional

O pobo despide ao seu mellor embaixador turístico

Levaba tempo vendo como se cocía o pulpo nas feiras e foi en decembro de 1960 cando por primeira vez puxo ao lume o seu propio caldeiro naquela casa de tres pisos e escaleiras de madeira do Cantón de San Roque. Máis de medio século despois Pulpería Ezequiel, o negocio humilde no que as habitacións se transformaban en improvisados comedores, converteuse nun emblema de Melide, nunha peza simbólica de visita obrigada.

Pulpería Ezequiel é o resultado do traballo de toda unha vida, o legado visible de Ezequiel Parrado, cuxo pasamento o pasado mes de setembro deixou a vila sen un grande embaixador, sen unha das persoas que máis contribuíu a poñer Melide no mapa, na boca de miles de peregrinos e en toda boa guí a que se prece do Camiño de Santiago.

O fillo do ferreiro

A vida de Ezequiel Parrado foi a dun emprendedor nato e rebelde cos designios do destino. Fillo de ferreiro, nin o oficio do pai nin as tarefas do campo eran pratos do seu gusto. “O del era outra cousa”, relata a súa filla Mercedes, “xa cando o mandaban ir traballar ás leiras pagáballe a unha muller para que fora no seu sitio”. Os cartos para o salario obtíñaos do que foi o seu primeiro oficio, descoñecido mesmo para os seus achegados e no que comezou con 14 anos: panadeiro. Amasaba na casa e logo ía cocer aos fornos de aluguer; o de Pita, o da Churrera... Cos bollos metidos en sacos, montaba na besta e collía camiño por aldeas e feiras para vendelo.

Foi precisamente nesas viaxes pola xeografía da comarca onde tomou boa nota de como se cocía o pulpo. “El tiña moi boa man para a cociña”, di Mercedes, “e escolleu o pulpo porque súas irmán tiñan casas



Ezequiel Parrado e a súa dona, Mercedes Rodríguez



Xa xubilado, Ezequiel gustaba de estar na pulpería e falar cos camiñantes

de comidas e non quería facerlles a competencia”. A elección foi un acerto e no éxito da empresa tivo moito que ver tamén a súa muller, Mercedes Rodríguez, que aos seus 81 anos aínda garda os recordos de tantos e tantos días coas tesoiras na man cortando tentáculos. Ela foi a cara máis visible do negocio e permanece tamén no recordo dos clientes, especialmente peregrinos, que con frecuencia se interesan por ela: “o último chamou para entregarlle un poema”, conta a súa filla, “dixo que hai 11 anos tivera un detalle moi bonito con el e quería agradecerllo”.

Fama internacional

Ese trato próximo e amable, os pequenos detalles e o esforzo son, a xuízo de Mercedes, as claves de que pulpería Ezequiel medrase en popularidade dende os seus inicios. “Agora vén xente de moitas nacionalidades a través do

Camiño pero eu sempre recordo o local cheo de xente, especialmente os domingos que había baile na discoteca”, recorda, “meus pais eran moi boa xente, ademais de traballadores, e os clientes recomendaban uns a outros”.

Agora é a propia Mercedes quen está á fronte do legado de seu pai Ezequiel. Dende hai sete anos, cando un ictus arredou a súa nai dos fogóns, ela e seu marido Jorge Pereiro xestionan o día a día dun establecemento no que moita xente entra xa non só por comer o pulpo, senón para poder dicir que estivo no Ezequiel de Melide. A responsabilidade de décadas de éxito non pesa sobre o lombo de Mercedes, quen naceu e medrou na pulpería: “esta é a miña vida”, asevera con naturalidade. De cara ao futuro, garda ese consello que tantas e tantas veces lle deu o seu finado pai: “que o fixera sempre o mellor que puidera”.

O HOME ALEGRE E COMPROMETIDO COS VECIÑOS

Se houbera que destacar unha cualidade de Ezequiel Parrado Sampedro, todo aquel que o coñeceu coincidiría á hora de sinalar a súa alegría e carácter vitalista. O mesmo pensa a súa filla Mercedes, a quen se lle iluminan os ollos ao recordar a aquel home “bromista, pillo e cheo de retranca” que era seu pai, esa persoa “sempre alegre” que “raramente se enfadaba”. Dende a actitude positiva, o esforzo e as



Ezequiel na feira de Melide

incontables horas de duro traballo, Ezequiel e súa muller foron construíndo aos poucos e case sen decatarse unha das iconas do Camiño de Santiago, a pulpería que levou o nome de Melide por medio mundo: “eu creo que non foron conscientes do que lograron, porque viviron sempre con moita humildade”, apunta Mercedes, quen non deixa pasar por alto esa outra cualidade de seu pai consistente en querer e facerse querer: “era moi cumpridor cos veciños e coa xente da que estaba rodeado, unha persoa que se comprometía con quen sabía que o apreciaba”. Dende a súa xubilación, e aínda na enfermidade, Ezequiel seguía deixándose ver pola pulpería, onde recibía o cariño dos peregrinos cos que gozaba falando e bromeando. Nunca concibiu a súa vida sen o negocio que o foi todo para el.

UNHA RÚA PARA EZEQUIEL NO CAMIÑO FRANCÉS



Tramo do Camiño que levará o nome de Ezequiel Parrado

O nome de Ezequiel Parrado Sampedro non tardará en ser tamén o nome dun tramo da Ruta Xacobeá ao seu paso pola vila: aquel que deixa atrás a aldea de Furelos, alí onde o Camiño cambia a terra polo asfalto para adentrarse no núcleo urbano, ese polo que pasaron e pasan miles de peregrinos con parada obrigada na pulpería que internacionalizou o nome de Melide. A proposta da homenaxe, formulada por Asetem e ben recibida polo Concello, non será realidade ata que sexa aprobada pola corporación en pleno, pero semella que non hai alternativa que mellor condense o que representou Ezequiel e o seu legado. Será este tramo do Camiño, será unha rúa, será un busto ou a Medalla de Ouro. O certo será que Ezequiel Parrado terá o merecido recoñecemento do seu pobo.



**MARCAS
EXCLUSIVAS**

Calzados Broz

Ronda da Coruña, 24 – MELIDE

Telf: 981 815 619



www.facebook.com/CalzadoBroz

www.pinterest.com/brozcalzados



www.calzadosbroz.blogspot.com



HISPANITAS
SHOESHANDBAGS

Clarks



PRIMIGI



AGARÉ

KangaROOS

Maria Jaén

VANITY

wonders

igi & co
Sportiva dentro



Gorila

Xti

luis gonzalo
hand made in spain



Camiño de Ovedo, 13 – MELIDE

Telf: 981 505 060



calzadosbroz@gmail.com



Ferreiro e Anido conquistan de novo o campionato de España de históricos

Non hai dous sen tres. Logo da decepción que lles supuxo verse na obriga de cancelar a organización do Rally da Terra de Melide, os pilotos locais Jesús Ferreiro e Javier Anido pensaron tamén en tirar a toalla no que á competición se refire. Os compromisos cos patrocinadores e as palabras de alento animáronos a continuar e a decisión foi todo un acerto, pois veñen de escribir unha nova páxina na historia do deporte melidense ao proclamarse por terceira vez campións de España na categoría de vehículos históricos.

O título chegou xa a mediados de setembro e a falta de disputarse aínda as últimas dúas probas do calendario de competición. Foi no Rally de Extremadura, onde Ferreiro e Anido, a bordo do seu Porsche Carrera 911 RS, se impuxeron a 44 pilotos chegados de todos os recunchos de España para facerse co campionato nacional. Xa co título no peto, des-



Anido e Ferreiro celebran a vitoria no Rally de Gran Canaria, en abril

prazáronse os días 4 e 5 de outubro a Asturias, onde tiveron que abandonar a competición por mor dunha saída de vía “na que tocamos o puente traseiro”, explica Jesús Ferreiro. O coche quedou “reventado” e iso, xunto coa tranquilidade de ter xa o título na casa, motivou que os de Melide decidisen non participar na última proba do calendario, que se

celebrará os días 8 e 9 de novembro en Gibralfaro.

Agora, o vehículo que tantos triunfos e alegrías lles deu está á venda. Cambiarán Porsche por Ford e na mente está seguir competindo. Recuperar o Rally da Terra de Melide é outro cantar: “todo está paralizado, seguimos sen ter respostas nin apoio suficiente”, lamenta Ferreiro.

Unha mostra para saber sobre “grandes escritores”



Miguel Santalices e Ánxeles Vázquez visitan a exposición

A súa estancia en Melide foi efémera pero igualmente valiosa. Despois de viaxar pola Coruña, Ferrol, Vigo e mesmo Bruxelas, a exposición “51 páxinas das nosas letras” recalou na Casa da Cultura melidá para “recuperar a memoria dos nosos grandes escritores dende unha perspectiva de compromiso coa lingua”. Así o asegurou Beatriz González, xerente da Cidade da Cultura de Galicia, que participou na inauguración da mostra xunto co vicepresidente do parlamento galego, Miguel Santalices. A exposición, que se puido visitar entre o 9 e o 16 de outubro, estaba composta por 51 medallas dedicadas a cada un dos escritores homenaxeados no Día das Letras e acompañadas por textos descritivos redactados polos membros da Real Academia.

I Roteiro de Poesía e Música



Antom Laia, Xosé Vázquez Pintor e Soqui Cea

Algúns dos lugares máis coñecidos da vila convertéronse o pasado 11 de outubro no escenario perfecto para unha iniciativa singular: o I Roteiro de Música e Poesía, unha actividade pensada para “recorrer o pasado coa alegría das palabras e o repenicar dos sons”. Son verbas prestadas polo poeta melidense Antom Laia, organizador xunto co arquitecto Xulio Álvarez deste encontro no que tamén colaborou o co-

lectivo In Nave Civitas e que contou coa presenza de poetas e músicos chegados de toda Galicia. Música e poesía asolagando a vila coas palabras e os instrumentos de persoas como Xosé Vázquez Pintor, Xurxo Souto, Carlos da Aira, Moncho do Orzán, Yeiko ou Teresa Ramiro. E de Melide: Antom Laia, Xulio Álvarez, Pepiño Blanco, Chago Prado, Ánxeles López, Paco Veiga, Soqui Cea, Xosé García e Diego QS.

Tapia deixa a idea dunha feira da sidra

Unha delegación do concello asturiano de Tapia de Casariego visitou Melide o 21 de setembro, co seu alcalde á cabeza, para completar os actos de irmandade dos dous pobos, co Camiño de Santiago como nexo de unión. A xornada, na que houbo percorrido pola ruta xacobeá, recepción oficial e mostra de produtos típicos asturianos, serviu tamén para propoñer unha nova acción conxunta: celebrar en Melide unha festa da sidra en colaboración con Tapia. A idea foi formulada o propio día da visita polo presidente de Asetem e resultou ben acollida polos rexedores de ambos concellos.



Pulpo de Melide no Festival da Cociña Galega



Santó López e Manuel Garea (2º e 3º pola dereita)

A gastronomía de Melide estivo representada no show cooking do Festival da Cociña Galega co que se pretendeu poñer en valor os produtos da Área Santiago. Convertida a Praza de Abastos compostelá nunha improvisada cociña, o reposteiro e cociñeiro Manuel Garea foi o encargado de defender ante un aforo limitado de corenta persoas as bondades das viandas locais. Para a ocasión elaborou dúas propostas, unha doce e outra salgada, a base de pulpo, un dos produtos estrelas de Melide. No show cooking tamén presentaron os seus pratos cociñeiros de Arzúa.

O fútbol feito na comarca

O seu é o fútbol en estado puro: o feito dende a ilusión, dende o esforzo e o afán constante de superación, o fútbol afastado dos intereses económicos que tantas veces abafan o espectáculo deportivo. É o fútbol feito dende a humildade, o fútbol dos amigos, o dos veciños, o do concello. Así é o fútbol feito na comarca, o que, trala desafortunada desaparición do Toques, ten na U.D. Santiso e no Atlético Sobrado Xuventude os seus mellores representantes. Preguntámoslles polo presente e polas aspiracións futuras.

UNIÓN DEPORTIVA SANTISO

Schuster (adestrador), Víctor (preparador físico) e Sandá (presidente)

1. A Schuster: este ano estréase como adestrador. Que agarda da tempada?

Efectivamente, este ano eu voume encargar de levar persoalmente todo o tema de adestramentos e Víctor será o preparador físico. Non houbo moito cambio de xogadores con respecto ao ano pasado. Tivemos unha serie de incorporacións e estamos intentando facer un equipo para poder ascender. Se non é este ano, a ver se pode ser para o próximo, pero temos que aspirar a subir de categoría.

2. A Víctor: ves posible o ascenso este ano?

A verdade é que o temos un pouco difícil porque somos unha plantilla curta: temos 18 xogadores nada máis. Ade-



mais hai moitos que están lesionados, así que, confiemos en que haxa algo de sorte e polo menos poidamos entrar na promoción.

3. A Sandá: Cal é o estado de saúde da Unión Deportiva Santiso?

Este é un equipo de amigos,



unha gran familia. Quen conseguiu levantar este proxecto foron os socios e patrocinadores. Grazas a eles cada ano ímonos asentando máis nas categorías. A día de hoxe temos un equipo renovado, con novos adestradores tamén e temos que pelexar como sexa polos cinco primeiros postos.

ATLÉTICO SOBRADO XUVENTUDE

Jose Vázquez "Hassan" (adestrador)



1. Como foi a tempada pasada? Que balance facedes?

Foi un ano de novas experiencias, no que tralo ascenso competimos nunha categoría á que non estabamos habituados e na que o nivel dos equipos rivais era superior. Loitamos e competimos ata o último segundo, aínda que os resultados non nos acompañaron. Toda unha xeración de rapaces que viñan xogando

no Club Atlético Sobrado Xuventude desde que eran benxamíns tiveron a oportunidade de disfrutar dunha categoría superior á que de seguro pronto volverán.

2- De cara á liga que acaba de comezar, houbo cambios no equipo?

Nesta tempada decidimos facer unha aposta moi forte polos xogadores que veñen do equipo xuvenil, para que poidan ir collendo ritmo nunha competición máis física. Temos ata 9 xogadores na plantilla que pertencían ao equipo xuvenil, o que fai que teñamos unha media de idade moi baixa. Iso garante un equipo de futuro, pero con moito presente. A plantilla estase cerrando nestas datas coa incorporación de dous novos xogadores, Rive e Rafa, que se unen ás de Manu Costoya e Óscar e á volta de Isma. No apartado de baixas, Jacobo, Mario e Ángel non continuaron esta tempada.

3- Cales son as aspiracións do Atlético Sobrado para a presente tempada?

A nosa idea é a de acoplar un equipo moi novo para ter unha base forte que nos poida dar alegrías no medio e longo prazo. Evidentemente, volver a ascender sería a aspiración pero preferimos asentarmos ben o grupo.

O IES renderá homenaxe ao mestre Xaquín Yebra

O instituto de Melide acollerá o vindeiro sábado 25 de outubro unha xornada de recordo e homenaxe á figura de Xaquín Yebra-Pimentel, "un home comprometido coa terra, coa cultura, coa memoria e coas cousas xustas", tal e como o definen quen ben o coñecían e organizan este acto de recoñecemento.



Xaquín Yebra-Pimentel

Erudito e antifascista, Yebra-Pimentel foi, ademais, mestre do IES de Melide, onde deixou unha fonda pegada en xeracións de alumnos e alumnas coas súas recomendacións de lectura e cun xeito de ensinar deses que deixa pegada para a vida. Agora, cando se cumpren tres meses do seu pasamento, a comunidade educativa quere agradecerlle a súa entrega e humanidade cunha serie de actos que darán comezo ás 11:00 horas coa plantación dunha árbore e coa lectura de textos con acompañamento musical.

A homenaxe continuará

coa imposición do nome "Biblioteca Xaquín Yebra" á biblioteca do IES, momento no que intervirán Mini e Mero. De seguido proxectarase un vídeo-homenaxe e xa cara ás 12:35 terá lugar o coloquio "Lembrando a Xaquín", coa presenza de destacados activistas da Memoria Histórica. A xornada rematará cun xantar no Restaurante Sony.

Escuela Ayude, preparada para iniciar a competición



Alumnos de Escuela Ayude no Multiusos do Sar

A capital galega foi testemuña do comezo de tempada para o pupilo da Escuela Ayude. No Multiusos do Sar, competidores de Ferrol, Santiago e Melide déronse cita o 11 de outubro para participar nun programa de tecnificación de kick boxing e preparar así o campionato galego desta disciplina na súa modalidade de light contact. A cita será o vindeiro día 26 en Ourense, no Pavillón Paco Paz, e terá especial transcendencia, pois estarán en xogo as prazas para o campionato de España, que se disputará en Madrid en marzo de 2015. Antes diso, este domingo día 19, os alumnos de esgrima acudirán á Coruña para participar na primeira xornada da liga infantil nas categorías M10 e M12.

herba grileira



5 anos de compromiso coa cultura tradicional

Comezamos un novo curso na escola de Herba Grileira e facémolo este ano con especial ilusión, xa que celebramos o noso quinto aniversario. Chegamos a unha desas cifras simbólicas que tanto se prestan para botar a vista atrás e contemplar o camiño percorrido: un camiño breve pero sen dúbida intenso e produtivo, feito sempre en harmonía, sempre unido, sempre sumando e sempre tentando que Melde medrase arredor dese patrimonio común que é a cultura tradicional.

Cumprimos cinco anos e semella que xa quedan moi lonxe aquelas conversas informais entre amigos que habían servir para sentar as bases da escola. O proxecto naceu das inquietudes dun grupo de xente nova e foise construíndo aos poucos: sen cartos ninguns pero con ilusión, con esforzo persoal, con moita implicación, tempo dedicado e, sobre todo, crendo de verdade no que se facía.

Así chegamos ao día de hoxe, no que somos máis de 150 alumnos e alumnas de todas as idades: unha gran familia. Podemos dicilo con orgullo, porque Herba Grileira representa un proxecto que transcende as escolas nas que todo queda dentro de clases que rematan ás horas en punto. Herba Grileira é máis ca iso: é un espazo no que ao longo deste cinco anos se forxaron amizades, se descubriron vocacións e talentos ocultos, un espazo dende o que se fixeron festas en compañía da veciñanza e no que se compartiron moitos momentos, bos e malos. Conta nunha gran familia.

Esa familia é tamén a da Asociación Musical e Cultural Herba Grileira, que se creou sen ánimo de lucro para darlle soporte á escola e facer que medrase ano tras ano. Sen ningún tipo de axudas nin subvencións, perseguindo sempre o autofinanciamento, fomos quen de ir acadando os nosos obxectivos grazas ao traballo de quen formamos parte dela e á contribución económica dos soci@s a través das súas cotas. Desta volta queremos ser máis ambiciosos ca nunca e xa estamos coidando na mellor maneira de celebrar o noso aniversario.

Haberá festa multitudinaria con música e baile, distintos obradoiros e moitas máis actividades que vos iremos desvelando ao longo do curso. Dadevos por convidad@s!

Cumprimos cinco anos e cifra tan simbólica non só se presta para botar a vista atrás, senón tamén para facer agradecementos a todas as persoas que nos axudaron desinteresadamente a conseguir o que hoxe temos. De xeito moi especial queremos darlle as grazas á xente que nas últimas semanas se puxo en contacto con nos para manifestarnos o seu apoio neste inicio de curso: diferente. Son o exemplo de que moitas persoas saben valorar o traballo que facemos e a mostra de que tamén é maioría quen non ve nel máis cá unión de veciños e veciñas para cantar e tocar, para transmitir coñecementos, para compartir dentro e fóra das clases. Herba Grileira é iso e nada máis: unha gran familia coas portas sempre abertas, conscientes de que non se pode facer cultura de costas a ningún.

Asociación Cultural e Musical Herba Grileira
2009 - 2014



A raíña do “Reino do Lixo”

Manuel Garea, profesor de pastelería e cociña

A xulgar polo título, pódese pensar en moitos aspectos da actualidade que ocupan espazos destacados nos medios de comunicación. Haberá quen pense na monarquía ou quen vaia directamente á política... Pois ben, non é o caso: estoume a referir ao mundo da “comida lixo”, tamén denominada “comida rápida”. Empregando un termo universal quizais entendamos todos moito mellor: fast food.

Moita xente pensa que este tipo de “comida”, por denominala dalgún xeito, é a fórmula máis rápida para satisfacer a necesidade vital de alimentarse. Moi pouco se fala da calidade destes produtos, das súas gornicións, dos aceites e da materia prima para a súa elaboración. Son as grandes “franquicias” as que o teñen todo estudado minuciosamente, detalles dos que ás veces a maioría do público nin se decata: dende estudos de son cun simple toro de “bacon” para determinar o seu grao triscante ata cronometrar o tempo no que un vendedor tarda en atender ao cliente.

A listas dos produtos que forman parte do reinado é moi longa. A estas alturas, e co dito anteriormente, xa lle podemos poñer cara á raíña: a súa maxestade Dona Hamburguesa, que segue acatando e sufrindo as regras das grandes marcas mundiais. Sen ter voz nin voto, non pode protestar nin pola súa calidade nin por como foi feita. Xa se encargan os grandes imperios de mantela ben caladiña, na medida en que poden...

Esa voz da que non dispón a raíña estase escoitando da man de profesionais da gastronomía, dos propios consumidores e da información que se vai destapando. É dicir, xa se nota unha maior conciencia sobre este tipo de produtos e a súa dubidosa calidade. Certamente, se nos paramos a analizar dende un punto de vista técnico ou profesional, nestas empresas dispoñen de persoal que coma simples robots se encargan da montaxe dun produto que chega por pezas ao local.

En conclusión, se tiveran que elaborar un pan de calidade con coñecemento da materia, seleccionar carnes, mesturalas e darlles o toque maxistral, elaborar salsas de xeito artesanal, tratar e traballar con produtos de primeira, entón xa non sería tan “fast food” como parece e entrariamos en dous campos diferentes. Un, onde priman os produtos de dubidosa calidade e a moi baixo custe, para seguir facendo fortuna e seguir montando máis puntos de venda. E o outro, o que está na man de profesionais que fan desta elaboración algo sublime, podendo estar nas cartas dos mellores restaurantes ou incluso especializarse neste manxar. Serán de maior ou menor agrado para o cliente, porque de gustos xa sabemos que son moitos e variados. Pero o mínimo é que a materia prima cumpra e sexa de calidade.

Unha frase moi axeitada para rematar sería: “que nos contaría a raíña se puidera falar...”

REFLEXIÓN CON HUMOR

Pepe Núñez



gundo plano. Erro maiúsculo, como teñen alertado múltiples expertos, posto que o individual sempre é colectivo.

Ante este panorama -cuns servizos sociais que xa non poden máis, posto que están a facer auténticas milagres cos escasos recursos dispoñibles, cun terceiro sector que se está a multiplicar porque o desalento chama continuamente na súa porta e xa non son quen de atender nin á metade dos que lles gustaría- asistimos a episodios que salpican as portadas do parte e xornais e que moitos sentimos noxo e xenreira ante a desfachatez coa que se utilizan os cartos de todos, que ben axudarían para paliar as propias miserias. Uso das famosas “tarxetas”, de subvencións a dedo e sen sentido, de obras faraónicas sen utilidade, de salarios tan altos por asesorar á administración que nos fan tremer aos mortais, e un sen fin de aspectos que non merece apenas seguir expoñendo.

Ante tal situación, algúns alertan do aumento da infraclase, é dicir, a que ocuparían aquelas persoas que se atopan no extracto social máis baixo, que carecen das necesidades básicas que deberían ter cubertas como seres humanos. E non pensen unicamente nos excluídos so-

ciais, senón en persoas que a pesares de ter un emprego o seu salario non lles permite cubrir o máis elemental, que teñen que artellar múltiples mecanismos para sobrevivir e que se atopan dentro, xa non da tradicional pobreza, senón da acuñada como pobreza severa. Atopámonos con que o número de persoas con este perfil aumentou tanto que comeza xa a ser moi preocupante, posto que é ben sabido que a pobreza trae consigo illamento, exclusión, deterioro das relacións sociais, delincuencia e inseguridade, entre outras. Os nosos semellantes están a sufrir o que a nós non nos gustaría e, polo tanto, a nosa conciencia debería comezar a pesar co fin de pór a disposición dos máis desfavorecidos toda a nosa potencialidade como sociedade. As consecuencias futuras non servirán para lamentarnos.

En definitiva, non queda máis que convencernos de que ou ben somos quen de xerar redes que permitan a cohesión como comunidade de humanos nun espazo concreto ou ben seguimos a esperar no redentor que solucione todos os males dos que nos laiamos. De nós depende, porque os tempos dos superheroes quedou no século pasado.

Xa non son tempos de superheroes

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

Ben entrado vai xa o presente ano e seguimos ás voltas coa recuperación económica que debería redundar nas persoas positivamente a través dun emprego. Sen embargo, os informes internacionais alertan que en España as condicións mudaron porque xa non son tempos nin dun salario digno, nin de empregos de calidade, nin da integración social a través do traballo... Moitas das persoas conseguen empregos que non lles permiten cubrir as necesidades básicas, de ter que levar ao bandullo non só alimentos, senón alimentos de calidade.

Son tempos, polo tanto, de novos tipos de pobreza, como aquela, por exemplo, que xa foi acuñada como a pobreza enerxética, é dicir, aquelas familias que non poden pagar a enerxía suficiente para satisfacer moitas das



súas necesidades domésticas e que, loxicamente, moito teñen que ver tamén coas básicas. Unha nova xeira na que emerxe novamente o asistencialismo no seu sentido máis pexorativo e déixase

á marxe un auténtico desenvolvemento comunitario que puidera reverter positivamente na globalidade. O individuo converteuse no centro das intervencións e a comunidade desprazouse cara un se-

AGUSTÍN GÓNGORA, SANOGUERA FOTOGRAFÍA

“Agora atendemos aos nosos clientes nas instalacións de Asetem con cita previa”

Hai varios meses que o enreixado da súa tenda, na Ronda de Pontevedra, permanece baixado. Pero Sanoguera Fotografía continúa máis activa ca nunca. Pechou as portas para coller un novo impulso, para reformular o concepto de negocio e para prestar un servizo máis rápido, máis perso-

lizado e máis profesional. “É o único que cambiou”, asegura Agustín Góngora, rexente do negocio e cara coñecida en Melide que segue realizando na vila e na comarca todo tipo de reportaxes para vodas, bautizos e comuñóns, fotografías e vídeos para empresas, páxinas web e orixinais deseños.

-O seu caso recorda ao das estrelas mediáticas que teñen que saír a desmentir a súa morte. Dígalles aos seus clientes que Sanoguera Fotografía non desapareceu...

-Agustín Góngora (A.G.): (Ri) Os meus clientes saben perfectamente que sigo traballando e tamén saben como localizarme. Todo este cambio obedece a unha necesidade de poder ter máis tempo para atendelos dun xeito moito máis personalizado e profesional. Ao non ter que atender un negocio físico podo entregar máis rápido todas as reportaxes que fago, dedicarlle máis tempo a cada cliente e reunirme con eles máis tranquilamente.

-Haberá quen non entenda que prescindira da tenda xusto cando a empresa estaba en pleno auge. Por que a pechou?

-A.G.: Foi por unha necesidade derivada de non querer subcontratar e de querer seguir sendo eu mesmo o que realizase cada voda que vendo. Sempre fun un fotógrafo que ao mesmo tempo é deseñador gráfico e de webs. O feito de non ter un negocio físico posibilita que no inverno, cando as reportaxes diminúen, poida realizar outros traballos que me enchen como fotógrafo e para os que necesito poder desprazarme durante a semana: pasarelas de moda, documentais, fotografías de hoteis, páxinas web de empresas, etc...

-Dispón dun lugar físico no que atender aos clientes de Melide e comarca?

-A.G.: Si, con solicitude de cita previa. Os clientes poden contactar comigo a través da web www.sanoguera.com ou por teléfono chamando ao



Agustín Góngora no seu despacho de Asetem, onde atende agora aos clientes

622 222 810. Concertamos a cita e logo aténdoo nun espazo do que dispoño dentro local da Asociación de Empresarios Terra de Melide. Tamén atendemos nas feiras de vodas, como o Salón da Voda de Melide, que se celebrará o próximo mes de novembro.

-Deulle un novo enfoque ao negocio. Iso fixo que cambiara tamén a súa forma de traballar?

-A.G.: Non, seguimos sendo fieis á nosa filosofía e traballamos coa mesma ilusión e profesionalidade ca antes. O único que cambia son os prazos de entrega e que o trato é máis personalizado ca nunca.

-Que servizos presta na actualidade?

-A.G.: Realizamos todo tipo de reportaxes fotográficas para

vodas, bautizos e comuñóns, estudos, fotografía e vídeos para empresa, páxinas web, deseño e maquetación de trípticos, catálogos e cartelería...

-Está involucrado noutros proxectos?

-A.G.: Si, este ano pasei o inverno realizando fotografías de hoteis para unha firma americana que se chama Oyster USA, filial de Tripadvisor, o que me levou a fotografar máis de 100 hoteis de alto standing en Galicia, Catalunya, Ibiza e Formentera. Entre eles, o Ushuaia Ibiza, o Hard Rock Hotel, o Gran Hotel da Toxa, o Hostal dos Reis Católicos, o Balneario de Mondariz...

-Hai algo que diferenza a Sanoguera doutros estudos de fotografía?

-A.G.: Para nós é moi importante non subcontratar. Isto quere dicir que son eu personalmente o que realiza cada reportaxe de voda que vendo e iso á súa vez fai que os clientes teñan confianza persoal en Sanoguera. Outra das nosas diferenzas é que realizamos os estudos de bebé na propia casa do cliente, facilitándolle aos pais a reportaxe e non expondo ao bebé ás inclemencias do tempo.

-O mundo da fotografía evoluciona moi rápido. Que é o último en canto a técnica e estética?

-A.G.: Un tipo de fotografía máis documental, onde abunda moito o branco e negro e o uso das novas tecnoloxías ao servizo do cliente, por exemplo para poder entregar nas sobremesas dunha

“Para min é moi importante non subcontratar; fago eu mesmo todo o traballo que vendo”

“Tras pechar a tenda dispoño de tempo para prestar unha atención máis personalizada”

voda as fotografías familiares que se realizaron tan só dúas horas antes da cerimonia, algo que tamén realizamos. Lévese cada vez máis realizar reportaxes de post-voda na praia, prevoda, libros de firmas, etc...

- Cal é a súa fotografía de cabeceira?

-A.G.: Todas as de Sebastiao Salgado. Fotografou a condición humana amosando as desigualdades. Recomendo encarecidamente ver calquera das súas exposicións, especialmente Génesis e Éxodo. Tamén admiro a Robert Doisneau e gústame moito a fotografía dos anos 40.

Sanoguera Fotografía

Tlf: 622 222 810

www.sanoguera.com

**SÁBADO 18
OUTUBRO
23:00 h.**

**FESTA
IMAGEN**

*Daiquiri de melón e mojitos de fresa
con barman acrobático que vos
convidará a probalos!!*

SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!

ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA “MELIDE MÓVESE”



Este grupo de mozos demos un paso adiante para constituír unha nova asociación de hostalería. Comezamos con moitas ganas de traballar e co obxectivo de coidar entre tod@s un gremio tan importante para Melide.

En breve convocaremos unha reunión á que todos os hostaleir@s seredes convocados por carta. Coidemos, polo noso ben, a hostalería de Melide.

- Presidente: Alberto Buján
- Vicepresidente: Fernando Rey
- Secretario: Juan Carlos García
- Tesoureiro: Pedro Coego
- Vogais: Javier Conde,
José Antonio Abad,
Daniel Amboaxe.